

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 198/2022****ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 23 de novembro de 2022, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 20 de decembro de 2022, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 23 de novembro de 2022, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 6 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Función Pública pola que se desestima a súa solicitude de acceso á documentación do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo facultativo superior, escala de ciencias, na especialidade de bioloxía, de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, convocado mediante Orde do 22 de novembro de 2019.

O reclamante en resumo indica que se lle notificou a resolución con data do 7 de abril de 2022.

Indica que con data do 24 de abril de 2022, solicitou á Comisión da Transparencia de Galicia que instase á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia a que lle trasladase copia da documentación solicitada con data do 22 de febreiro de 2022, cuxo acceso lle foi denegado e con data do 6 de xullo de 2022, a Comisión da Transparencia de Galicia inadmitiu a súa reclamación no expediente RSCTG 63/2022, por tratarse, de acordo coa Disposición Adicional primeira da Lei 19/2013, de reclamación presentada por interesado nun procedemento administrativo en curso.

Indica que con independencia do seu desacordo coa dita resolución, de acordo coas bases da convocatoria do proceso selectivo, unha vez rematado o proceso selectivo, o tribunal

publicará no DOG a relación de persoas aspirantes que o superaron. Con data do 21 de novembro de 2022, publicouse a Resolución do 10 de novembro de 2022, do tribunal cualificador do proceso selectivo na que se fai pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, polo que considera que dado que o procedemento non se atopa en curso, se admita a trámite a reclamación e se inste pola Comisión da Transparencia á Dirección Xeral de Función Pública a que se lle dea traslado da información solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera

que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O interesado presentou reclamación inicialmente contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso a documentación xerada polo tribunal encargado dun procedemento selectivo no que participa e no que por tanto ten a condición de interesado, e posteriormente, unha vez que se ditou resolución pola Dirección Xeral de Función Pública, presentou reclamación contra a resolución pola que se lle denega o acceso, reclamación que foi inadmitida por esta Comisión (expediente RSCTG 63/2022), polos motivos que figuran nela. Non procede que por esta Comisión, se entre a valorar os motivos polos que o interesado esta descontento con esa resolución, que unicamente poderían dirimirse nun procedemento contencioso-administrativo.

Como se indicou nos fundamentos xurídicos da Resolución do expediente RSCTG 63/2022, a aplicación da disposición adicional primeira 1 procede cando un interesado nun procedemento administrativo presenta unha solicitude de acceso á información cando o procedemento está en curso, debéndose rexer este acceso pola normativa propia deste

procedemento (neste caso un procedemento selectivo) tanto na súa fase administrativa como na súa fase de recurso.

No presente caso, o interesado presentou a súa solicitude de acceso a documentación no procedemento selectivo no que ten a condición de interesado, con data do 22 de febreiro de 2022, momento no que o procedemento estaba en curso, xa que segundo indica, o dito procedemento finalizou por Resolución do 10 de novembro de 2022, polo que segue sendo aplicable á súa solicitude a dita disposición, e debe tramitarse tanto a reclamación, como os recursos que procedan contra a mesma, non pola normativa de transparencia senón pola correspondente ao procedemento selectivo, carecendo por tanto esta Comisión de competencias na materia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por XXX con data do 23 de novembro de 2022, contra a Resolución do 6 de abril de 2022, da Dirección Xeral de Función Pública pola que se desestima a súa solicitude de acceso á documentación do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre e promoción interna, no corpo facultativo superior, escala de ciencias, na especialidade de bioloxía, de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, convocado mediante Orde do 22 de novembro de 2019.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.